



2ª PROBA XX LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN  
VI TROFEO CONCELLO DE ARTEIXO  
FASE PROVINCIAL CTO. GALEGO ESCOLAR  
5 DE MARZO DE 2011



O vindeiro sábado día 5 de marzo, o Club APA Liceo organiza a segunda proba da liga galega de orientación a pé 2011, ao mesmo tempo que o VI Trofeo Concello de Arteixo, gracias, unha vez máis, ao apoio deste Concello.

**PROGRAMA DA PROBA:**

09:30 – Entrega de documentación  
10:30 – Saída do primeiro corredor  
14:00 – Clausura

**MAPA: A Baiuca – Morás (Arteixo)**

Elaborado segundo normas IOF por Javier Arufe e Natalia Pedre, e revisado en febreiro de 2011 por Iván Mera e Julio Cañas, rexistrado na FEDO co número C-1152-10. Realizado para todos os percorridos en escala 1:7500 e con equidistancia de 5m entre as curvas de nivel.

O terreo conta cun desnivel moderado, combinando zonas de eucalipto con diferentes grados de penetrabilidade, bosques de piñeiros e monte baixo, con áreas de árbores dispersas. Hai innumerables detalles, sobre todo rochosos, que obriga a unha boa concentración do corredor durante a proba para obter unha boa elección de rumbo. Existen varias zonas de talas recentes sobre as que permanecen restos de ramas e vexetación, que dificultan en certa medida a carreira.

**INSCRICIÓN:**

A **data límite** para a comunicación de inscricións tanto dos clubs AGaCO coma dos participantes individuais é o **martes 1 de marzo, ás 22:00 h.**

Para elo utilizarase o novo sistema de Agaco dispoñible en **www.agaco.es/intranet**. En eventos, buscar A Baiuca – Arteixo.

O importe da inscrición debe aboarse na conta nº 0072 0299 44 0000100057 (Banco Pastor), e o xustificante do ingreso que corresponda envíalo a **apaliceo@yahoo.es**: no concepto de ingreso poñer: A Baiuca + nome do clube

Para quenes precisen de factura, enviar tamén os datos fiscais.

Cuotas de inscrición:

Federados: 3€


Participantes en iniciación curta, sen licencia de temporada: 5€

Participantes en iniciación longa, sen licencia de temporada: 6€

Participantes no resto de percorridos, fora de competición, sen licencia de temporada: 8€

Recargo por inscrición fóra de prazo, no caso de ser aceptada, e só para federados: 1€





## PERCORRIDOS E CATEGORÍAS.

Na táboa que se amosa a continuación aparecen reflectidos os datos dos percorridos, coa asignación de distancia, desnivel e categorías de participación.

PERC.	CATEGORÍAS	ESCALA	DISTANCIA	DESNIVEL	CONTROIS
1	INI curta; H-D12; Infantil	1:7500	1900 m	80 m	10
2	H-D14; Cadete; 2 FC	1:7500	2300 m	115 m	13
3	INI longa	1:7500	3000 m	140 m	13
4	H-D16; D45; 4 FC	1:7500	3400 m	175 m	15
5A	H21B; D21; 5 FC	1:7500	4400 m	225 m	19
5B	H-D20; D35; H45	1:7500	3900 m	210 m	16
6	H21A; H35; DE; 6 FC	1:7500	5100 m	240 m	19
7	HE; 7FC	1:7500	6200 m	310 m	22

O listado de saídas estará dispoñible na web dende o venres día 4.

## NORMAS E RECOMENDACIÓNS.

É obrigatorio realizar o percorrido na orde indicada no mapa.

É obrigatorio pasar pola meta, aínda que se produza o abandono, para que lle poida constar este feito á Organización.

Para a realización do percorrido, o competidor só pode contar coa axuda dun compás, ademais do mapa proporcionado pola Organización.

É recomendable utilizar roupa cómoda que cubra todo o corpo. Non hai que esquecerse de levar outra muda. **Moi aconsellable o uso de polainas.**


A competición baséase no respecto:

- > Á natureza
- > Aos cultivos e propiedades privadas
- > Aos outros competidores
- > Ás indicacións do persoal da organización da proba

Débese ofrecer axuda a calquera participante que se atope en problemas ou mancado.

### INDICACIÓNS ESPECÍFICAS PARA ESTA PROBA.

- Hai puntos de control preto da zona de concentración, polo que os competidores non poderán saír da zona habilitada (zona de camiños asfaltados) antes de realizar o seu percorrido.
- Na revisión do mapa durante os meses de xaneiro e febreiro, atopámonos con variacións diarias por mor de desbroces sucesivos nalgúns zonas do mapa, sobre todo da zona sur; cómpre ter isto en consideración por si no periodo de tempo entre a última revisión e a data da carreira houbera variacións da vexetación.
- Na zona norte do mapa hai un sendeiro no cal aparecen varias cruces nel, en cor vermella: desaconséllase a elección desta ruta pola vexetación, que o fai intransitable.
- Hai zonas de talas recentes, e non tanto, que deben ser tidas en conta por:
  - Sinalización: na meirande parte destas zonas non se produciu a reforestación ordenada, senón que volveron a medrar os eucaliptos dos troncos da tala, o cal se corresponde no mapa con zonas de marca amarela, con punteado branco se as árbores gardan algunha relación lineal.
  - Vexetación: nestas zonas a velocidade de carreira pódese ver ralentizada polo monte baixo da mesma idade que a foresta, basicamente silvas e toxos, pero a presenza de ramaxe fai esvaradizo e pouco cómodo o tránsito.



### ADVERTENCIAS DE SEGURIDADE:

#### Na zona de concentración

- Aínda que afecta a unha zona mínima de superficie de competición, cabe salientar que nas beiras da zona pavimentada de saída-meta, foron roubadas as tapas do sistema de alcantarillado da zona, co cal os fochancos supoñen un risco de accidente, tanto en carreira como en paseo. Estará sinalizado no terreo mediante a colocación de vallas e conos.

#### En carreira

- Algúns recorridos pasan preto dunha canteira, debidamente sinalizada no mapa; débese extremar a precaución nesta zona.




- A zona nordés do mapa está sinalizada como zona prohibida, debido a un desmonte; queda absolutamente prohibido acceder á zona de obras, perfectamente delimitada por un sendeiro. Nalgún percorrido dase a posibilidade de avanzar por este sendeiro, marcado no mapa. Hai algún camiño que conserva, dentro da zona de competición, algunha valla de obra esquecida obstaculizando o paso na carreira; neste caso pódese pasar sin problemas polas beiras da valla (haberá unha sinal nestas vallas indicando que se pode pasar).

- Os percorridos 3 ao 7 atravesan unha estrada asfaltada; aínda que o tráfico é mínimo, e máis un sábado, cómpre ter precaución. Habrá persoal da organización advertindo da celebración da carreira para os vehículos que se acheguen.

### E LOGO, COMIDA DE CONFRATERNIZACIÓN

Trala carreira iremos repoñer forzas, orientadores e acompañantes, un ano máis e aproveitando as datas que son, á Parrillada “O Canteiro”, en Celas de Peiro, a 15 minutos da zona de carreira; o menú será a base de sopa, lacón con grelos, tenreira e produtos variados do porco, ademais de orellas, filloas, pan, viño, refrescos, café, gotas, ..., ao prezo de 18 € por persoa. Tamén haberá un menú de raxo para os pequenos, a 13 € (para os maiores que opten polo raxo serán 18 €). Todos aqueles que queirades asistir á comida, facédenlo saber mediante correo electrónico á hora de facer a inscrición, ou a máis tardar, ata o mércores día 2 antes das 20:00 h; indicar nº de persoas e menú (laconada ou raxo).

Indicámosvos como chegar ao “Canteiro”: colledes o inicio da autovía A6 en Sabón, e dirección Lugo, a uns 10 km, tómase a **saída 586** (Ledoño-Culleredo): na glorieta á dereita, dirección Ledoño, e logo na seguinte glorieta tómase a 3ª saída, e todo recto ata dar co restaurante.



***AGRADECEMOS UNHA VEZ MÁIS O APOIO DO EXCMO. CONCELLO DE ARTEIXO AO DEPORTE DE ORIENTACIÓN.***

[www.arteixo.org](http://www.arteixo.org)